

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/instruccion_3trimestre.pdf

No enlace anterior pódese acceder a instrución íntegra. A modo de resumo o mais destacables sería o seguinte:

Calendario escolar (páxina 3, apartado 3.2):

“3.2 As actividades lectivas que se desenvolven durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020, non se estenderán máis alá das datas establecidas na Orde do 20 de xuño de 2019, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/2020”.

Esa data é o **19 de xuño**.

Currículo e programacións didácticas (páxina 5, apartados 6.2 e 6.3):

“6.2 Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado.

6.3. A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.”

Adaptacións das programacións didácticas (páxina 5 e 6, apartados 6.7, 6.12, 6.13):

“6.7. Adaptaranse as programacións didácticas...”

6.12. A información básica da adaptación das programacións didácticas para a finalización do curso 2019-2020, será elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade que garantan o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.

6.13 ... As direccións dos centros responsabilizaranse da súa publicación na páxina web do centro nun lugar accesible a disposición de toda a comunidade educativa...”



Avaliación, promoción e titulación (páxina 7, apartados 7.3 e 7.5):

“7.3 A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.

7.5. A promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas, considerándose a repetición de curso una medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna.”

